ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE FOZ
CURSO: 3º DE ESO
MATERIA: TECNOLOXÍA
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	**Estándar de aprendizaxe**
B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.	**TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.**
B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	**TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos.**
B4.3. Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais.	**TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.**
	TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Probas específicas
	Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas
Cualificación final	**NOTA** = 0,50 . media ponderada dos exames+ 0,20 . nota de prácticas de taller + 0,2 . nota de prácticas de informática + 0,10 . notas diario de clase
Proba extraordinaria de setembro	Proba con un total de 10 preguntas (cuestións teóricas e problemas), coa materia impartida dende o principio do curso ata o final das clases presenciais.
Avaliación de materia pendentes	Entrega ós alumnos dunha proposta de traballo cada trimestre que deberán ser feitos antes da data límite marcado polo profesor. O profesor estará a disposición dos alumnos para orientalos na realización do traballo ou aclararlles calquera dúbida que lles xurdira ó respecto. En caso de obter nos tres traballos cualificación positiva a materia darase por recuperada. En caso contrario procederase a realización dun exame final no mes de setembro, de características similares á proba extraordinaria de setembro dos alumnos do curso de referencia do que se examinan.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Serán planificadas de forma paralela: - Actividades de recuperación para aqueles alumnos que teñan a tecnoloxía de 2º suspensa. - Actividades de repaso para aqueles para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente. - Actividades de ampliación (sempre de forma simple e tratando de acadar aquelas competencias consideradas como imprescindibles)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Tanto contidos teóricos, actividades e instrucións para a súa realización serán enviadas de xeito ordinario ó alumnado a través da aula virtual. Para aqueles alumnos que teñan algún tipo de carencia (PC, conexión, pouca cantidade de datos ...), se lles buscarán solucións adaptadas á situación particular de cada un.
Materiais e recursos	Os dispoñibles na aula virtual para cada un dos temas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Mensaxería da aula virtual. En caso de non obter resposta, a través dos titores dos alumnos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.